



Concello  
da Estrada



# PROTOCOLO BÁSICO DE ACTIVIDADE/COMPETICIÓN DO CAMPO NOVO MUNICIPAL

## 1.- OBXECTO.

O Departamento de Deportes do Concello da Estrada crea este protocolo co obxectivo de facilitar a organización da instalación Campo de Fútbol Novo Municipal durante o periodo competitivo, no que se disputen encontros de carácter oficial ou amigable. Será de obrigado cumprimento por parte dos deportistas que vaian a utilizar dita instalación. Será complementado polo PROTOCOLO DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO CONCELLO DA ESTRADA e por aquelas normas ou ordes que se diten e publiquen por parte das autoridades sanitarias e deportivas durante o transcurso da evolución desta situación. **Actualizarase continuamente de acordo coas informacións e criterios das autoridades competentes.**

## 2.- CRITERIOS DE UTILIZACIÓN.

Poderán utilizar á instalación os deportistas federados dos clubs usuarios. De todos os xeitos, o cumprimento deste protocolo corresponderá aos deportistas dos clubs cando se atopen adestrando baixo a súa exclusiva responsabilidade.

## 3.- REQUISITOS OBRIGATORIOS PARA ACCESO Á INSTALACIÓN.

- Control de temperatura con termómetro no momento do acceso á instalación, tanto para xogadores e corpo técnico, así como para o público no caso de que este permitido.
- Presentación na porta de entrada do DNI de todos os espectadores e así poder verificar aqueles que vivan no mesmo domicilio, se poidan sentar xuntos, na zona da grada habilitada para eses espectadores.
- Uso obrigatorio da máscara dentro da instalación, ca excepción dos xogadores que participen no encontro e o equipo arbitral.

## 3.- CIRCULACIÓN E UBICACIÓN DENTRO DA INSTALACIÓN.

- Estará prohibido acceder a zonas delimitadas a aquelas persoas que non se atopen debidamente autorizadas.
- Os aseos estarán operativos en todo momento e co aforo limitado dunha persoa.
- Adaptando a instalación as normativas vixentes, o aforamento do campo de fútbol será de **190 espectadores**, distribuídos da seguinte forma:
  - Grada principal: aforamento de **130 espectadores**.
  - Grada piscina: aforamento de **60 espectadores**.
- Nas dúas zonas de grada deben de estar marcadas as butacas que se poden ocupar, deixando inutilizada unha fila de xeito alterno. Na fila que se poida ocupar polo público a separación debe de ser de 2 butacas libres entre espectadores.

- Os espectadores sempre deberán de estar sentados e únicamente se poderán colocar nas butacas habilitadas, ca debida separación interpersoal de 1,5 metros en todas as direccións.
- Habilitarase unha zona de grada para que se poidan sentar xuntos convivintes.
- **No caso de que se habiliten sillas para un aumento do aforo, estas deben de situarse ca separación interpersoal e estar como mínimo a 3 metros da baranda perimetral do terreo de xogo. Obrigatorio deixar pasillos para o tránsito de espectadores.**
- Respetar á sinalización nas zonas de tránsito no momento de desprazarse e de acceder ou abandonar a instalación.

#### **4.- ACCESO ZONA VESTIARIOS.**

- Para a disputa dos partidos, estará acotada a zona dos banquiños e dos vestiarios, non podendo acceder ningunha persoa que non se atope debidamente autorizada.
- Únicamente se utilizarán os vestiarios nos días de partido. Para os adestramentos estará prohibido o seu uso, tendo que situarse os participantes no mesmo nunha zona delimitada para tal efecto.
- Os pasillos dos vestiarios ante a imposibilidade de ter dúas portas, únicamente se poderá acceder a dependencias desas zonas (lavandería, sala reunións, cadro eléctrico, almacéns, ...) por motivos necesarios.
- Para a disputa de partidos, os bancos dos vestiarios estarán marcados con distancia interpersoal, o que nos obriga a facer dúas quendas para que se cambien os xogadores: primeiramente cambiaranse os xogadores titulares e previa limpeza e desinfección cambiaranse o resto dos xogadores convocados. É obrigatorio utilizar as dúas portas do vestiarios, unha de entrada e outra de saída pra evitar o máximo posible o cruzamento de persoas.
- Na celebración de partidos, cando se utilicen os vestiarios, farase a súa limpeza e desinfección antes do partido, antes da segunda quenda para cambiarse os xogadores, no descanso e o rematar o encontro.
- No descanso dos partidos non se poderán utilizar os vestiarios. Si a climatoloxía é adversa, poderá ser utilizado por unha soa quenda de xogadores, agardando o resto dos convocados no lugar habilitado para eles (zona de banquiños ou grada).
- Unha vez finalizado o encontro, o tempo de permanencia de cada deportista no vestiario será de 10 minutos, empezando ca primeira quenda e accedendo un deportista cada vez que outro xa finalizara.

#### **5.- OUTRAS DISPOSICIÓNS.**

- O servizo da cafetería non estará operativo por motivos sanitarios, excepto autorización específica para á actividade.
- O servizo da lavandería non estará operativo por motivos sanitarios, excepto autorización específica para á actividade.